

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2022/3	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	3 de marzo de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 20:50 ata as 21:49 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
<b>Secretaria</b>	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apellidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ



	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M <sup>re</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA	NON
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, quen pide disculpas polo retraso derivado dunha previa reunión da Xunta de Portavoces para a redacción dunha moción conxunta que se tratará despois fóra da orde do día, procedendo de seguido á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 3 DE FEBREIRO DE 2022

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 3 de febreiro de 2022, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 17 DE FEBREIRO DE 2022

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 17 de febreiro de 2022, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

**Expediente 1378/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA DESAFECTACIÓN DUN TRAMO DE CAMIÑO PÚBLICO RADICADO EN CURANTES - OLIVES.**



**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

O **Sr. Alcalde** explica que estamos ante unha proposta de desafectación dun camiño da ZCP de Curantes – Olives, a solicitude dunha veciña.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para transmitir que, debido a que este expediente conta con informes favorables, non ten nada que dicir e, polo tanto, o seu grupo votará a favor; sen embargo, considera que grupo de goberno debería dar explicacións sobre a tardanza na tramitación deste expediente e que se iniciou por unha solicitude presentada no ano 2018.

O **Sr. Alcalde** responde que a tramitación deste tipo de expedientes non son de todo o áxiles que gustaría, pero a situación que ten a día hoxe o departamento do Rural, dúas prazas se cubrir por xubilación recente e a Administrativa de baixa, non axuda a que isto mellore, esperando que pronto se proceda a iniciar o proceso selectivo para cubrir a praza de Perito Agrícola e solucionar tamén os outros problemas e, deste xeito, desbloquear os expedientes que neste momento se atopan pendentes neste departamento.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose polos votos a favor de todos os grupos políticos municipais, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Medio Rural de data 07/02/2022, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto que, en data 12/03/2018, Dna. Ana María Recimil Castro solicitou a desafectación dun tramo de camiño público que cruza a súa leira núm. 991 da Zona de Concentración Parcelaria Curantes - Olives, para a súa posterior merca como parcela sobrante co obxecto de agregala á súa apuntada finca colindante. Fundamentou a dita solicitude no informe técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Raúl Sotelo Cabral, de data maio de 2018, completado/rectificado polo seu anexo presentado o día 22/03/2019.

Visto que, en data 14/01/2020, emitiu informe técnico favorable o enxeñeiro técnico agrícola municipal (Sr. Brea Villaverde), sinalando substancialmente que (sic):

- “- O camiño atópase situado no lugar de O Porto, parroquia de Curantes.*
- Segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de A Estrada, o camiño que se pretende desafectar está clasificado como Solo de Núcleo Rural Histórico Tradicional do lugar de O Porto 33.03 ( NR ), ocupando unha superficie de 119 metros cadrados e como Solo Rústico de Protección Agropecuaria SRPAP nunha superficie de 81 metros cadrados, tal e como se reflexa na documentación complementaria aportada.*
- Ó existir dúas clasificacións urbanísticas terase que separar o valor segundo a categoría do solo a ocupar polo citado camiño.*
- O citado camiño atravesa a leira 991 da Z.C.P. de Curantes -Olives, na dirección Sur- Norte que figura reflexado no plano de Acordo de dita zona de concentración.*
- A leira 991 da Z.C.P. de Curantes- Olives, conta coa referencia catastral : 36017F515009910000PP. A superficie da leira 991 da Z.C.P. segundo os documentos e de cincuenta e nove áreas e vinte e cinco centiáreas, a que se terá que engadir a superficie de dúas áreas , o que fai un total de superficie*



de : sesenta e unha áreas e vinte e cinco centiáreas ( 6125 m<sup>2</sup> ) .

- *Oportunidade da desafectación.- Vista a situación actual o camiño non presta nin prestou en ningún momento despois do proceso de concentración parcelaria servizo aos veciños, xa que mantivérono como estaba nas Bases Definitivas e polo que fose non se acordaron de anulalo no Acordo de Concentración, posiblemente pola falta de coñecemento por parte dos afectados e o que se fixo foi utilizar o camiño principal, e apréciase claramente que non ten ningún uso de paso posto que está totalmente inutilizado, contando as propiedades con camiño de acceso público de . Si se observa a cartografía de Catastro e a correspondente Orto foto da zona na que se pretende desafectar xa non se aprecia nin camiño nin restos na cartografía do tramo obxecto a desafectar.*

- *Lonxitude e superficie do camiño a desafectar.- Conta cunha lonxitude de aproximadamente 72 metros e un ancho variable o que fai un total de 200 m<sup>2</sup> de ocupación. O camiño atravesa a leira 991 da Z.C.P. de Curantes- Olives, ocupando a superficie indicada de dúas áreas e sesenta centiáreas, lindando polo, Norte, coa leira 991 da Z.C.P. de Curantes-Olives; Sur, con coa leira 991 da Z.C.P. de Curantes- Olives e camiño; Leste, coa continuación deste camiño; e Oeste, coa leira 991 da Z.C.P. de Curantes-Olives.*

- *Trátase dun camiño público que figura no Acordo da Zona de Concentración Parcelaria de Curantes- Olives.*

- *Tendo en conta os prezos asinados á zona, característica do terreo, así como o valor de mercado en zonas similares que establece a Axencia Tributaria de Galicia e contabilizando as dúas clasificacións de solo resulta ser a seguinte, para o Solo de Núcleo Rural Tradicional e a superficie de 119 metros cadrados con un prezo de 548,04 euros e para a franxa de Solo Rústico de Protección Agropecuaria , que ocupa unha superficie de oitenta e un metros cadrados, que supón a cantidade de 67,51 euros o que fai un total de seiscentos quince euros con cincuenta e cinco céntimos de euro, ( 615,55 € ).*

- *As leiras coas que linda o tramo a desafectar son propiedade dos solicitantes.*

- *Reparto da superficie.- Considero que o terreo obxecto da desafectación debe de adxudicárselle na súa totalidade á leira 991 da Z.C.P. de CurantesOlives.*

- *Polo que respecta á oportunidade da desafectación por parte do Concello, sinalar que non existe inconveniente dado que este camiño xa nunca foi utilizado e nunca prestou servizo, por ser inutilizable; así mesmo pode considerarse parcela sobrante.*

- *O terreo que se pretende desafectar como parcela sobrante ( anaco de camiño público), non forma parte do trazado da rede viaria pública do núcleo rural 33-03 determinado pola ordenación detallada do PXOM."*

Visto que, do informe elaborado polo nomeado perito agrícola municipal se infire que o terreo público a desafectar e vender se identificaría coa seguinte referencia:

- Superficie:200,00 m<sup>2</sup>
- Leiras Colindantes: Norte, coa leira 991 da Z.C.P. de Curantes-Olives; Sur, con coa leira 991 da Z.C.P. de Curantes- Olives e camiño; Leste, coa continuación deste camiño; e Oeste, coa leira 991 da Z.C.P. de Curantes-Olives.

Visto que, conseguintemente, a única propiedade colindante con dereito á merca



do significado anaco que estaría interesada na adquisición (mesmo tendo aceptado expresamente o prezo estimado polo perito agrícola municipal), sería a dos promotores do expediente (isto é, os propietarios da finca núm. 991 ZCP Curantes), unha vez desafectado e investido co carácter de parcela sobrante. Tales propietarios son: Dna. Ana María Recimil Castro (79,75% privativo) e D. Juan Recimil Castro (20,25% ganancial).

Visto que, o día 03/01/2022, D. Juan Recimil Castro presentou o anexo II (asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Raúl Sotelo Cabral, de data 03/01/2022), así como unha certificación rexistral de dominio e cargas do 23/11/2021, acreditando que a única propiedade colindante con dereito á merca do significado anaco, que estaría interesada na adquisición, sería a dos indicados promotores do expediente, unha vez desafectado aquel e investido co carácter de parcela sobrante. Quedou tamén fidedignamente contrastado que Dna. Amparo Magariños Matalobos non era/é titular de dereito real ningún sobre o apuntado inmovible, polo que todas as actuacións se entenderán cos irmáns Recimil Castro.

Vistos os informes xurídicos emitidos polo TAX - Servizo Xurídico de Urbanismo en datas 25/05/2021 e 20/01/2022.

Visto o informe da Secretaría de data 25/01/2022.

Visto o informe da Interventora municipal de data 02/02/2022.

Visto o artigo 5 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, determinando que os bens demaniais son inalienables, de xeito que, espilos desta cualidade esixirá a tramitación dun expediente de alteración da súa cualificación xurídica acreditando a súa oportunidade e legalidade (artigo 8 RB e 269 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia).

Vista a oportunidade e o proveito para o Concello xustificada/o no informe do perito agrícola municipal.

Visto que, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, aplicable ás Entidades Locais en virtude do consagrado no seu artigo 2.3 maila Disposición Final II, unha vez desafectado o ben demanial, o seu alleamento pode ter lugar mediante venda directa aos propietarios colindantes interesados, se aquel se houberse declarado *parcela sobrante* debido á súa reducida extensión, forma irregular ou emprazamento, ou debido a que non fose susceptible do uso axeitado (inproveitable), como así semella motivalo o perito agrícola municipal no seu informe (artigos 8 e 155 RB; 268 e 277 LALGA).

Vista a xustificación que fai o perito agrícola municipal do carácter de parcela sobrante do terreo do que a súa desafectación se interesa; considerándoa de interese público a Concellería Delegada de Medio Rural.

Vistas, entre outras, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (especialmente, os seus arts. 22.2.l e 47.2.n), o Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Regulamento de Bens das Entidades Locais de 1986, a Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e concordantes.

Visto, por último, o ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, na sesión celebrada o 15/02/2022.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptanse, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**





**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a desafectación dun tramo de camiño público que cruza a leira núm. 991 da Zona de Concentración Parcelaria Curantes - Olives, por considerar que reúne os trazos legalmente esixibles de *parcela sobrante*, de acordo coa información técnica obrante no expediente (para a súa futura adquisición con tal carácter co obxecto de agregalo á súa apuntada finca colindante, interesada por Dna. Ana María e D. Juan Recimil Castro).

Descrición:

- Superficie: 200,00 m<sup>2</sup>
- Leiras Colindantes: Norte, coa leira 991 da Z.C.P. de Curantes-Olives; Sur, con coa leira 991 da Z.C.P. de Curantes- Olives e camiño; Leste, coa continuación deste camiño; e Oeste, coa leira 991 da Z.C.P. de Curantes-Olives.

**Segundo.-** Declarar provisionalmente o descrito tramo/anaco obxecto da desafectación como ben patrimonial en calidade de *parcela sobrante*.

**Terceiro.-** Someter o expediente a trámite de información pública polo prazo de 1 mes en virtude de anuncio a expoñer no taboleiro municipal e a publicar nun diario de gran difusión provincial así como no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica e na *website* municipal, notificándose individualmente aos propietarios colindantes para a súa respectiva constancia, coñecemento e efectos.

De non existir reclamacións/alegacións, o acordo inicial converterase en definitivo e a declaración provisional do tramo/anaco obxecto da desafectación como ben patrimonial en calidade de *parcela sobrante* elevarase a definitiva. Nese intre, o reseñado tramo/anaco deixará de ligarse formalmente ao uso/servizo público debido a que xa non cumprirá materialmente a finalidade para a que foi inicialmente destinado.

**Expediente 1039/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN RELATIVA Á MOCIÓN CONXUNTA ELABORADA POR TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN O VINDEIRO DÍA 8 DE MARZO DO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER"**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto toma a palabra a Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar Cora**, quen di que estamos ante unha moción elaborada entre todos os grupos políticos municipais con motivo da celebración o vindeiro día 8 de marzo do Día Internacional da Muller, agradecendo as aportacións de cada un deles; moción que se transcribe literalmente a continuación:

*“A Administración autonómica galega debe seguir impulsando a coeducación como modelo educativo, pois ten por obxectivo desbotar os estereotipos e os roles historicamente creados en torno ao xénero, fomentando, deste xeito, a igualdade real e efectiva.*

*A través da coeducación quérense transformar as relacións entre mulleres e homes, para o cal é preciso superar a xerarquización de xénero, é dicir, o modelo social polo que dimensións ligadas ao poder e á esfera pública (como o traballo remunerado ou a*





política) asociábanse á masculinidade, mentres que outras facetas (como a atención á dependencia e os coidados en xeral) desenvoltas no ámbito privado, estiveron identificadas coas mulleres. Esta división do traballo por xénero da como resultado que os traballos tradicionalmente desenvolvidos por mulleres continúan a ser os mais precarios tanto salarialmente como laboralmente sen que se vexa unha mellora significativa na lexislación laboral.

Así mesmo, debemos esixir que as administracións competentes impulsen a creación de un corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias a fin de as empresas e outros organismos cumpran coa lexislación en materia de igualdade.

Neste sentido, destaca a aprobación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia. Un instrumento específico de igualdade que foi elaborado co obxectivo de servir de referente a todos os centros de ensino para abordar a coeducación e a prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal, e no que recoller de forma sistemática as medidas a desenvolver nas diferentes áreas do ámbito educativo dirixidas ao alumnado, profesorado e equipos de orientación.

Así mesmo, hai que ter en conta que o sistema educativo non pode asumir en exclusiva o labor da educación en valores de igualdade. Por iso, é esencial a implicación das familias, para o que resulta fundamental a sensibilización e formación en materia de igualdade de xénero, enfocada á ruptura de estereotipos e ás distintas implicacións que estes comportan na vida das persoas: a elección de estudos, profesións ou actividades deportivas, a falta de corresponsabilidade no fogar, as relacións afectivas desiguais, e un longo etcétera.

Non queremos esquecernos, neste ano do tema da fenda salarial, pois débese seguir loitando, pois aínda que hai moito conseguido, aínda queda moito por facer, xa que no noso ámbito alcanza o 19% e hai que seguir reducindo esta estadística, xa que os salarios das mulleres seguen sendo mais baixos en xeral que os dos homes, e Galicia non escapa desta realidade.

Ademais, tanto desde o ámbito educativo como desde outras áreas da Administración deberán ter continuidade as actividades formativas e de asesoramento en materia afectiva e sexual, para previr condutas de poder-submisión ou control sobre a parella, entre outras, e promover relacións respectuosas e sas.

A este respecto, a aprobación da Lei 15/2021, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, marca os obxectivos de traballo para os vindeiros anos no que atinxe á prevención de realidades emerxentes da violencia contra as mulleres a través das tecnoloxías da información e a comunicación.

A violencia dixital, en forma de control e violencia psicolóxica da parella, principalmente a través do móbil, pero tamén outras formas como o ciberacoso, extorsión e abuso sexual a menores de idade, vai en aumento nos últimos tempos e ten como principais vítimas ás mulleres, principalmente adolescentes.

Por todo isto, o Grupos que forman parte do Pleno do Concello de A Estrada presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galicia a:

- a) Promover os principios de igualdade e de transversalidade de xénero no deseño



*e implantación das políticas da Administración e nomeadamente no ámbito educativo (currículo educativo, plans de coeducación, convenios, protocolos, etc.).*

- b) Darlle continuidade á mellora da formación do persoal docente en igualdade e prevención da violencia de xénero.*
- c) Desenvolver actividades formativas e de asesoramento persoal en materia de educación afectivo-sexual dirixidas á mocidade, que promovan relacións igualitarias e respectuosas.*

**2. O Concello de A Estrada comprométese a:**

- a) Continuar a posta en marcha de iniciativas municipais e medidas dirixidas á mellora da detección precoz da violencia de xénero e da violencia sexual entre a mocidade, así como a activación dos mecanismos de resposta pro-activa en colaboración con outras Administracións.*
- b) Desenvolver proxectos e programas coeducativos enfocados á ruptura dos estereotipos de xénero, en particular os dirixidos a difundir referentes femininos nos distintos eidos.*
- c) Desenvolver campañas de sensibilización destinadas ao entorno familiar e social das nenas para que se sintan apoiadas no desenvolvemento das súas vocacións profesionais, así como fomentar iniciativas para formar ás familias en materia de igualdade de xénero (eliminación de estereotipos de xénero, impulso da corresponsabilidade, promoción de orientacións profesionais non sexistas e prevención da violencia de xénero).*
- d) Apoiar as convocatorias de feminismo galego auto organizado.”*

Pide a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para facer constar a súa desconformidade co procedemento na tramitación desta moción, xa que esta foi sometida á Comisión Informativa mediante unha convocatoria extraordinaria e urxente, cando é unha data previsible e que se repite anualmente, sobre todo tendo en conta que a Concelleira delegada de Benestar Social ten recoñecida unha dedicación exclusiva, estando entre as súas funcións atender cuestións de índole social e, a pesares diso, non é capaz de cumprir diligentemente coas súas atribucións. Polo dito, insta á nomeada Concelleira delegada a que isto non volva a acontecer.

Centrándose ao tema da moción, di que este ano vai centrada no ensino e no ámbito laboral, estando totalmente de acordo coa súa redacción, ao tempo que agradece ao resto dos grupos políticos por aceptar as súas propostas, ao igual que o seu grupo aceptou as dos demais. Polo manifestado, traslada o voto a favor do seu grupo.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, quen di que estamos ante unha moción bastante completa obxecto da colaboración conxunta de todos os grupos políticos municipais e que reflexa moi ben o papel da muller en todos os ámbitos da nosa sociedade e da necesidade de loitar por a igualdade entre mulleres e homes nos mesmos, porque parece que cada vez hai máis diferenzas de xéneros, sendo necesario, por tanto, loitar por esa sociedade igualitaria.

Finaliza agradecendo o poder haber chegado a un acordo unánime na redacción desta moción e a que, por suposto, o seu grupo votará a favor.







Intervén a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para dicir que, ano tras ano, todos os grupos van acadando un acordo unánime á hora dun pronunciamento sobre a loita pola igualdade da Muller. Este ano a moción recolle, non só a inxustiza da diferenza salarial entre mulleres e homes, senón a diferenza no desenvolvemento dos tipos de traballos a realizar polas mulleres e polos homes.

Remata trasladando o seu voto a favor da moción.

Pide novamente a palabra a **Sra. Amalia Goldar Cora** para dicir que lle parece vergoñenta a manipulación que fai desta moción o voceiro do grupo socialista, cando sabe perfectamente os termos en que se celebrou a reunión da Xunta de Portavoces e os prazos estipulados.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose polos votos a favor de todos os grupos políticos municipais, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción elaborada conxuntamente por todos os grupos políticos municipais con motivo da celebración o vindeiro día 8 de marzo de 2022 do “Día Internacional da Muller” e que se transcribe literalmente de seguido:

*“A Administración autonómica galega debe seguir impulsando a coeducación como modelo educativo, pois ten por obxectivo desbotar os estereotipos e os roles historicamente creados en torno ao xénero, fomentando, deste xeito, a igualdade real e efectiva.*

*A través da coeducación quérense transformar as relacións entre mulleres e homes, para o cal é preciso superar a xerarquización de xénero, é dicir, o modelo social polo que dimensións ligadas ao poder e á esfera pública (como o traballo remunerado ou a política) asociábanse á masculinidade, mentres que outras facetas (como a atención á dependencia e os coidados en xeral) desenvoltas no ámbito privado, estiveron identificadas coas mulleres. Esta división do traballo por xénero da como resultado que os traballos tradicionalmente desenvolvidos por mulleres continúan a ser os mais precarios tanto salarialmente como laboralmente sen que se vexa unha mellora significativa na lexislación laboral.*

*Así mesmo, debemos esixir que as administracións competentes impulsen a creación de un corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias a fin de as empresas e outros organismos cumpran coa lexislación en materia de igualdade.*

*Neste sentido, destaca a aprobación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia. Un instrumento específico de igualdade que foi elaborado co obxectivo de servir de referente a todos os centros de ensino para abordar a coeducación e a prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal, e no que recoller de forma sistemática as medidas a desenvolver nas diferentes áreas do ámbito educativo dirixidas ao alumnado, profesorado e equipos de orientación.*

*Así mesmo, hai que ter en conta que o sistema educativo non pode asumir en exclusiva o labor da educación en valores de igualdade. Por iso, é esencial a implicación das familias, para o que resulta fundamental a sensibilización e formación en materia de igualdade de xénero, enfocada á ruptura de estereotipos e ás distintas implicacións que estes comportan na vida das persoas: a elección de estudos, profesións ou actividades deportivas, a falta de corresponsabilidade no*



*fogar, as relacións afectivas desiguais, e un longo etcétera.*

*Non queremos esquecer, neste ano do tema da fenda salarial, pois débese seguir loitando, pois aínda que hai moito conseguido, aínda queda moito por facer, xa que no noso ámbito alcanza o 19% e hai que seguir reducindo esta estadística, xa que os salarios das mulleres seguen sendo mais baixos en xeral que os dos homes, e Galicia non escapa desta realidade.*

*Ademais, tanto desde o ámbito educativo como desde outras áreas da Administración deberán ter continuidade as actividades formativas e de asesoramento en materia afectiva e sexual, para previr condutas de poder-submisión ou control sobre a parella, entre outras, e promover relacións respectuosas e sas.*

*A este respecto, a aprobación da Lei 15/2021, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, marca os obxectivos de traballo para os vindeiros anos no que atinxe á prevención de realidades emerxentes da violencia contra as mulleres a través das tecnoloxías da información e a comunicación.*

*A violencia dixital, en forma de control e violencia psicolóxica da parella, principalmente a través do móbil, pero tamén outras formas como o ciberacoso, extorsión e abuso sexual a menores de idade, vai en aumento nos últimos tempos e ten como principais vítimas ás mulleres, principalmente adolescentes.*

*Por todo isto, o Grupos que forman parte do Pleno do Concello de A Estrada presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS*

*1. Instar á Xunta de Galicia a:*

- a. Promover os principios de igualdade e de transversalidade de xénero no deseño e implantación das políticas da Administración e nomeadamente no ámbito educativo (currículo educativo, plans de coeducación, convenios, protocolos, etc.).*
- b. Darlle continuidade á mellora da formación do persoal docente en igualdade e prevención da violencia de xénero.*
- c. Desenvolver actividades formativas e de asesoramento persoal en materia de educación afectivo-sexual dirixidas á mocidade, que promovan relacións igualitarias e respectuosas.*

*2. O Concello de A Estrada comprométese a:*

- a. Continuar a posta en marcha de iniciativas municipais e medidas dirixidas á mellora da detección precoz da violencia de xénero e da violencia sexual entre a mocidade, así como a activación dos mecanismos de resposta proactiva en colaboración con outras Administracións.*
- b. Desenvolver proxectos e programas coeducativos enfocados á ruptura dos estereotipos de xénero, en particular os dirixidos a difundir referentes femininos nos distintos eidos.*
- c. Desenvolver campañas de sensibilización destinadas ao entorno familiar e social das nenas para que se sintan apoiadas no desenvolvemento das súas vocacións profesionais, así como fomentar iniciativas para formar ás familias en materia de igualdade de xénero (eliminación de estereotipos de xénero, impulso da corresponsabilidade, promoción de orientacións profesionais non sexistas e prevención da violencia de xénero).*
- d. Apoiar as convocatorias de feminismo galego auto organizado.”*

*Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación na sesión celebrada o 24/02/2022.*



E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptanse, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Instar á Xunta de Galicia a:

- Promover os principios de igualdade e de transversalidade de xénero no deseño e implantación das políticas da Administración e nomeadamente no ámbito educativo (currículo educativo, plans de coeducación, convenios, protocolos, etc.).
- Darlle continuidade á mellora da formación do persoal docente en igualdade e prevención da violencia de xénero.
- Desenvolver actividades formativas e de asesoramento persoal en materia de educación afectivo-sexual dirixidas á mocidade, que promovan relacións igualitarias e respectuosas.

**Segundo.-** O Concello de A Estrada comprométese a:

- Continuar a posta en marcha de iniciativas municipais e medidas dirixidas á mellora da detección precoz da violencia de xénero e da violencia sexual entre a mocidade, así como a activación dos mecanismos de resposta proactiva en colaboración con outras Administracións.
- Desenvolver proxectos e programas coeducativos enfocados á ruptura dos estereotipos de xénero, en particular os dirixidos a difundir referentes femininos nos distintos eidos.
- Desenvolver campañas de sensibilización destinadas ao entorno familiar e social das nenas para que se sintan apoiadas no desenvolvemento das súas vocacións profesionais, así como fomentar iniciativas para formar ás familias en materia de igualdade de xénero (eliminación de estereotipos de xénero, impulso da corresponsabilidade, promoción de orientacións profesionais non sexistas e prevención da violencia de xénero).
- Apoiar as convocatorias de feminismo galego auto organizado.

## FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** propón a inclusión fóra da orde do día dunha moción que condena a invasión de Ucraína por parte de Rusia e de apoio ás accións do goberno de España ao respecto, cuxa redacción deriva dunha reunión da Xunta de Portavoces celebrada antes desta sesión. Quere agradecer o esforzo de os grupos políticos municipais á hora de elaborar esta moción.

A Urgencia deste asunto xustifícase nos acontecementos que están a ocorrer nestes últimos días.

Non habendo máis intervencións sométese o urxencia a votación, sendo esta aprobada polos votos a favor dos grupos municipais do Partido Popular, Partido Socialista e MÓVETE, e, en contra, do grupo Mixto (BNG).

A continuación procédese a inclusión fóra da orde do día do seguinte asunto:



**Expediente 1256/2022. MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAL EN CONDENA Á INVASIÓN DE UCRAÍNA POR PARTE DE RUSIA E DE APOIO ÁS ACCIÓNS DO GOBERNO DE ESPAÑA AO RESPECTO.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 19, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Para dar conta deste asunto toma a palabra o voceiro do grupo municipal do PP, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen explica que entre todos os grupos políticos municipais elaborouse unha moción pola que se condena a invasión de Ucraína por parte de Rusia e tamén de apoio ás accións do Goberno de España ao respecto, pasando a ler dita moción:

*“O 24 de febreiro de 2022 Rusia invadiu Ucraína, nación soberana e independente cuxa integridade territorial non é negociable.*

*Rusia invadiu Ucraína infrinxindo todas as normas do dereito internacional e, aínda que Vladimir Putin trate de xustificar este ataque en inexistentes dereitos históricos, este ataque é totalmente inxustificado e ilegal.*

*Este ataque, con todo, non é só un ataque a unha nación soberana, feito que é suficientemente grave en si mesmo, senón que supón unha ameaza á estabilidade e seguridade de Europa, así como ao concepto mesmo de democracia e á orde internacional baseada en regras.*

*Por iso, este ataque debe ser respondido da forma máis firme e contundente.*

*España é un país comprometido co dereito internacional, coa carta de Nacións Unidas, que no seu artigo 2.4 refire que a integridade territorial dos estados é inviolable, e cos seus socios da Unión Europea e da OTAN por iso, o Goberno de España debe tomar, no seo das organizacións internacionais das que forma parte, todas as medidas que sexan necesarias, incluíndo o apoio cos recursos materiais que solicite o goberno de Ucraína para poder defender a súa soberanía, para responder a esta terrible agresión, restablecer a paz e a liberdade e defender a democracia en Ucraína.*

*Mentres estes obxectivos alcánzanse, España debe mostrar a súa solidariedade con todos aqueles cidadáns ucraínos que tiveron que deixar o seu fogar fuxindo da guerra.*

*Polo exposto, preséntase o seguinte:*

**ACORDO**

**PRIMEIRO.-** *Denunciar e condenar de maneira firme e explícita a invasión de Ucraína por parte de Rusia e o uso da forza contra un país soberano, excluído explicitamente no art. 1.a).II da Acta Final de Helsinqui (Conferencia sobre a Seguridade e a Cooperación en Europa) e no art. 2.4. da Carta das Nacións Unidas.*

**SEGUNDO.-** *Reafirmar o respecto ao dereito que asiste a todas as nacións de preservar a súa integridade territorial sen que poida ser socavada por razóns de proximidade xeográfica, afinidade étnica ou lingüística de acordo cos arts. 1. a). I e 1.a). IV de Acta Final de Helsinqui.*

**TERCEIRO.-** *Expresar o máis firme compromiso deste Concello da Estrada, coa defensa dos principios da democracia, o estado de dereito e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e no de constitución da Unión Europea.*

**CUARTO.-** *Apoiar as actuacións do Goberno de España, para poñer fin inmediato a esta inculfiable invasión dun estado soberano e democrático. E solicitar ao Goberno de España que manteña un fluxo de información suficiente cos partidos da oposición ao obxecto de obter a colaboración máis ampla, pronta e responsable posible do conxunto das forzas políticas.*

**QUINTO.-** *Expresar o noso apoio e solidariedade a Ucraína e ao pobo ucraíno, que facemos extensivo aos máis de 112.034 ucraínos que residen no noso país.*



*Por iso:*

- *solicitamos que o goberno negocie canto antes en Bruxelas un plan de axuda humanitaria á poboación civil ucraína, así como un plan de continxencia para ao acollida masiva de refuxiados ucraínos que fuxan da guerra.*
- *Poñémonos ao dispor do Goberno de España, para colaborar - na medida das nosas competencias e recursos- na acollida dos cidadáns de Ucraína que están a abandonar o seu país.*
- *Manifestar o noso apoio á vía diplomática como fórmula para resolver as diferenzas a acadar acordos de paz duradeiros.”*

Intervén o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para, en primeiro lugar, manifestar o pesar do seu grupo polas vítimas deste conflito á vez que dar folgos ao pobo ucraíno que segue resistindo dentro das súas fronteiras para defender o seu estado soberano. Continúa dicindo que estamos ante un drama humanitario provocado por unha guerra que se traduce nunha catástrofe bélica, económica, etc.; e, polo tanto, hai que apoiar ao pobo ucraíno ante esa crise social que atravesamos, desexándolles a mellor das sortes tanto ao goberno do Estado como aos distintos organismos que están a tomar parte nas tomas de decisións para acadar unha solución ao conflito.

En canto á parte que lle toca ao Concello de A Estrada, considera importante que este se adhira aos mecanismos que puxo en marcha a FEGAMP co fin de ofrecer axuda humanitaria a Ucraína; ademais, considera interesante que se lle pida á Xunta de Galicia que, con motivo da recollida de refuxiados, poña a disposición todas as instalacións que permitan acoller a estar persoas, porque na Estrada, neste momento, non é posible poñer a disposición a Academia Galega de Seguridade, aínda que quizais poderíase valorar utilizar para este fin o Albergue de Sabucedo. Polo tanto, o seu grupo apoiará esta moción, considerando importante que o noso Concello valore o que se pode facer para apoiar aos refuxiados ucraínos.

Intervén a voceira do grupo de MOVETE, **Dña Mar Blanco Casais**, para trasladar o voto a favor do seu grupo por considerar importante condenar esta invasión. Tamén quere valorar de xeito positivo a colaboración do grupo de goberno co fin de redactar esta moción conxunta, sobre todo cando se tratou a eliminación das referencias ao apoio de carácter militar e de facer fincapé na vía diplomática como única condutora de resolución deste conflito. Sen embargo, mostra a súa sorpresa de que fóra o grupo de goberno o que propuxo esta moción, cando noutras ocasións rexeitou tratar mocións similares (por exemplo, en defensa do pobo palestino) aludindo que este tipo de acordos estaban fóra das competencias municipais; polo que espera que, de agora e adiante, si lles importe outros conflitos similares e chorar todas as vítimas en xeral, sendo solidarios con todos os conflitos bélicos en xeral, aínda que non nos afecten economicamente.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dña. Susana Camba Castro**, aclarando que votou en contra da urxencia desta moción por considerar que é de suficiente calado e importancia para que leve o trámite establecido e, ademais, poder estudala con cabeza e dende a lóxica e a razón, e non apoiar unha guerra con máis guerra.

Continúa dicindo que esta moción ten un carácter oportunista, porque noutras ocasións poderíanse haber feito mocións apoiando ás vítimas doutros conflitos bélicos nas que o noso país participou vendendo armamento, observando que, por desgracia, hai vítimas de primeira e segunda categoría. E, polo dito, o seu grupo está en contra de calquera invasión e guerra e



sempre a favor da paz, avogando por solucións que van da man da vía diplomática, sendo esta a razón pola que se nega a asinar unha moción onde se apoia o envío de armamento.

Por outra banda, considera que esta moción non ten importancia para ninguén, pero si para á Estrada, así que redactar unha moción que excede de todo o que se pode facer dende o Concello e que sae fóra da nosas competencias de xeito abrupto e sen razoar non é de recibo.

Tamén nota a falta na exposición de motivos da moción e no punto primeiro do acordo o denunciar e condenar de xeito firme a invasión de Ucraína por parte de Rusia (o que o Sr. Constenla Carbón dixo que se ía a corrixir), así como tamén deberíase engadir a condena dos bombardeos de Donbass e que levan sufrindo dende o ano 2014. Así mesmo, solicita que se retire da moción todos as mencións a apoios de carácter bélico e non diplomático e, na exposición de motivos, se retire a referencia á OTAN, xa que esta non vai a mandar diplomáticos senón armas que, desgraciadamente, non van a esgrimir soldados senón poboación civil, considerando que se trata dun suicidio.

Para finalizar e por parecerlle unha moción moi mellorable vai a absterse na votación, salvo que se introduzan as modificacións propostas.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para transmitir que, segundo se lle informa, na Xunta de Portavoces non se acordou a incorporación dos bombardeos a Donbass .....

Intervén o **Sr. Blanco Carracedo**, quen entende que, en todo caso, poderíase aprobar a parte do acordo e consensuar a exposición de motivos, de todos os xeitos xa se retirou toda alusión ao armamento a proposta do grupo Mixto (BNG), o que non quere dicir que non esteamos os demais grupos municipais de acordo en aportarlle armas a un pobo que está a ser invadido e que debe defenderse; pero o introducir a mención a Donbass é ir máis alá do que se pretende con esta moción, considerando que se podería deixar para unha próxima reunión da Xunta de Portavoces.

Pregunta a **Sra. Camba Castro** se o que se pretende é aprobar a moción que se está a presentar agora, ou ben se vai a quedar sobre a mesa para modificala e aprobala outro día.

Contesta o **Sr. Alcalde** que se podería aprobar e, posteriormente, redactarse un documento onde se exprese determinadas cuestións.

A **Sra. Camba Castro** aclara que na Xunta de Portavoces dixo que para o seu grupo era fundamental meter ese punto de Donbass.

O **Sr. Blanco Carracedo** pensa que foi un mal entendido, porque se modificaron outras cuestións, pero en ningún momento se apuntou como importante o introducir a referencia a Donbass.

A **Sra. Camba Castro** pide que se acorde aquí engadir un punto á moción sobre o bombardeo de Donbass.

O **Sr. Blanco Carracedo** pensa que se sae fóra da finalidade principal desta moción.

A **Sra. Camba Castro** entende que o que pase é que non se quere condenar o bombardeo de





Donbass.

Intervén o **Sr. López Bueno** para instar aos outros grupos municipais para que, se non poden aceptar os respectivos termos políticos, intenten reformular a cuestión para facela un pouco máis amable para todos; en todo caso, todos estamos de acordo co fondo da moción, considerando que hai fórmulas para que os grupos do PP e Mixto (BNG) poidan aceptar esta realidade e busquen unha redacción da moción que acade o voto favorable de todos.

O **Sr. Alcalde** propón non incorporar a exposición de motivos dentro do acordo plenario e incorporar tan só a parte da proposta de acordos e, despois, emitir un comunicado aparte onde cada forza política emita a súa opinión; porque non debemos de tomar un acordo sobre un asunto tan importante por algo que vai dentro da exposición de motivos e que considera que non vai a ter ningunha repercusión, xa que se trata dunha cuestión máis ben ideolóxica e política.

A **Sra. Camba Castro** di que considera que se debería engadir un punto máis ao acordo condenando os bombardeos de Donbass e que non se incluíu por un mal entendido, e que tamén forma parte do conflito bélico que está a sufrir Ucraína dende fai oito anos.

O **Sr. Alcalde** di que nese caso elevaría este acordo a condenar calquera iniciativa bélica, mentres que o motivo desta moción concrétase á invasión de Ucraína por Rusia e que se está a producir hoxe, polo que se debe centrar o debate e non distorsionar o obxecto desta moción. Considera que o grupo Mixto (BNG) debería ceder tamén nesta moción, ao igual que o fixo o grupo do PP ao aceptar a eliminación de calquera alusión ao armamento, cando está de acordo co envío de armas á poboación ucraína para que se poida defender; polo tanto, considera que non ten sentido abrir máis este debate e lle pide ao grupo Mixto que se posicione ante esta moción.

A **Sra. Camba Castro** di que non lle gusta que se manipule a información nin tampouco os feitos nesta moción e por suposto que é o mesmo conflito, porque o bombardeo de Donbass levou a esta guerra, polo que condenar unha cousa e non condenar a outra é manipular a opinión pública, algo que co que seu grupo non está de acordo. En canto a ceder para poder chegar a unha moción unánime, aclara que ela cedeu practicamente con toda a redacción da moción, porque tiraría con ela ao lixo e faría outra, xa que esta é unha “piltrafa”, acusando ao grupo de goberno de que non lle importa en absoluto o bombardeo de Donbass nin outra guerra existente, salvo esta porque se trata de Rusia, sendo a única preocupación o envío de armas.

Interrompe o **Sr. Alcalde** para dicirlle á Sra. Camba Castro que xa se excede do tempo na súa intervención e no debate deste punto e se tanto lle preocupa este tema tivo unha semana para presentar unha moción; e, considerando suficiente debatido este asunto, informa que se procederá a votar a moción tal e como está redactada.

Procédese á votación, adoptándose polos votos a favor dos grupos do Partido Popular, Partido Socialista e MOVETE, e a abstención do grupo Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción conxunta de todos os grupos políticos municipais presentada fóra da



orde do día desta sesión, pola que se condena á invasión de Ucraína por parte de Rusia e de apoio ao goberno de España nas accións adoptados para poñer fin a esta inxustificada e ilegal invasión dun estado democrático e soberano, a cal se transcribe literalmente de seguido:

*“O 24 de febreiro de 2022 Rusia invadiu Ucraína, nación soberana e independente cuxa integridade territorial non é negociable.*

*Rusia invadiu Ucraína infrinxindo todas as normas do dereito internacional e, aínda que Vladimir Putin trate de xustificar este ataque en inexistentes dereitos históricos, este ataque é totalmente inxustificado e ilegal.*

*Este ataque, con todo, non é só un ataque a unha nación soberana, feito que é suficientemente grave en si mesmo, senón que supón unha ameaza á estabilidade e seguridade de Europa, así como ao concepto mesmo de democracia e á orde internacional baseada en regras.*

*Por iso, este ataque debe ser respondido da forma máis firme e contundente.*

*España é un país comprometido co dereito internacional, coa carta de Nacións Unidas, que no seu artigo 2.4 refire que a integridade territorial dos estados é inviolable, e cos seus socios da Unión Europea e da OTAN por iso, o Goberno de España debe tomar, no seo das organizacións internacionais das que forma parte, todas as medidas que sexan necesarias, incluíndo o apoio cos recursos materiais que solicite o goberno de Ucraína para poder defender a súa soberanía, para responder a esta terrible agresión, restablecer a paz e a liberdade e defender a democracia en Ucraína.*

*Mentres estes obxectivos alcánzanse, España debe mostrar a súa solidariedade con todos aqueles cidadáns ucraínos que tiveron que deixar o seu fogar fuxindo da guerra.*

*Polo exposto, preséntase o seguinte:*

#### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** *Denunciar e condenar de maneira firme e explícita a invasión de Ucraína por parte de Rusia e o uso da forza contra un país soberano, excluído explicitamente no art. 1.a).II da Acta Final de Helsinqui (Conferencia sobre a Seguridade e a Cooperación en Europa) e no art. 2.4. da Carta das Nacións Unidas.*

**SEGUNDO.-** *Reafirmar o respecto ao dereito que asiste a todas as nacións de preservar a súa integridade territorial sen que poida ser socavada por razóns de proximidade xeográfica, afinidade étnica ou lingüística de acordo cos arts. 1. a). I e 1. a). IV de Acta Final de Helsinqui.*

**TERCEIRO.-** *Expresar o máis firme compromiso deste Concello da Estrada, coa defensa dos principios da democracia, o estado de dereito e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e no de constitución da Unión Europea.*

**CUARTO.-** *Apoiar as actuacións do Goberno de España, para poñer fin inmediato a esta inculificable invasión dun estado soberano e democrático. E solicitar ao Goberno de España que manteña un fluxo de información suficiente cos partidos da oposición ao obxecto de obter a colaboración máis ampla, pronta e responsable posible do conxunto das forzas políticas.*

**QUINTO.-** *Expresar o noso apoio e solidariedade a Ucraína e ao pobo ucraíno, que facemos extensivo aos máis de 112.034 ucraínos que residen no noso país.*

*Por iso:*

- *solicitamos que o goberno negocie canto antes en Bruxelas un plan de axuda humanitaria á poboación civil ucraína, así como un plan de*



*continxencia para ao acollida masiva de refuxiados ucraínos que fuxan da guerra.*

- *Poñémonos ao dispor do Goberno de España, para colaborar - na medida das nosas competencias e recursos- na acollida dos cidadáns de Ucraína que están a abandonar o seu país.*
- *Manifestar o noso apoio á vía diplomática como fórmula para resolver as diferenzas a acadar acordos de paz duradeiros."*

Visto o debatido nesta sesión, sométese a nomeada moción a votación, adoptándose, por maioría, os seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Denunciar e condenar de maneira firme e explícita a invasión de Ucraína por parte de Rusia e o uso da forza contra un país soberano, excluído explicitamente no art. 1.a).II da Acta Final de Helsinqui (Conferencia sobre a Seguridade e a Cooperación en Europa) e no art. 2.4. da Carta das Nacións Unidas.

**Segundo.-** Reafirmar o respecto ao dereito que asiste a todas as nacións de preservar a súa integridade territorial sen que poida ser socavada por razóns de proximidade xeográfica, afinidade étnica ou lingüística de acordo cos arts. 1. a). I e 1.a). IV de Acta Final de Helsinqui.

**Terceiro.-** Expresar o máis firme compromiso deste Concello da Estrada, coa defensa dos principios da democracia, o estado de dereito e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e no de constitución da Unión Europea.

**Cuarto.-** Apoiar as actuacións do Goberno de España, para poñer fin inmediato a esta inculficable invasión dun estado soberano e democrático, ao tempo que se lle solicita que manteña un fluxo de información suficiente cos partidos da oposición ao obxecto de obter a colaboración máis ampla, pronta e responsable posible do conxunto das forzas políticas.

**Quinto.-** Expresar o noso apoio e solidariedade a Ucraína e ao pobo ucraíno, que facemos extensivo aos máis de 112.034 ucraínos que residen no noso país. Por iso:

- solicitamos que o goberno negocie canto antes en Bruxelas un plan de axuda humanitaria á poboación civil ucraína, así como un plan de continxencia para ao acollida masiva de refuxiados ucraínos que fuxan da guerra.
- Poñémonos ao dispor do Goberno de España, para colaborar (na medida das nosas competencias e recursos) na acollida dos cidadáns de Ucraína que están a abandonar o seu país.
- Manifestar o noso apoio á vía diplomática como fórmula para resolver as diferenzas a acadar acordos de paz duradeiros.

O **Sr. Alcalde** pregunta se hai algunha moción de urxencia máis que se queira presentar; non habendo pasáse a tratar os asuntos incluídos na Actividade de Control.



## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETO DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 17 E O 31 DE XANEIRO DE 2022

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 17 e 31 de xaneiro de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2022-0047 ao número 2022-0106 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 15 DE FEBREIRO DE 2022

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 15 de febreiro de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2022-0107 ao número 2022-0202 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

## ROGOS E PREGUNTAS

Toma a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para informar que no Museo da Madeira caeu unha táboa da súa fachada dando mala imaxe, polo que prega que se proceda ao seu arranxo.

Prega tamén que sexa arraxado un poste de alumado público sito na Rúa San Antón e que foi derribado por un vehículo, o cal leva meses sen ser repostado, o que está causando prexuízos graves aos veciños e veciñas desa zona ao carecer de iluminación.

En relación a existencia en Codeseda duns carballos que asoman perigosamente de cara a unha vivenda particular e que están nun terreo municipal, pide que por parte da brigada municipal se proceda a súa poda.

Traslada a súa preocupación sobre a seguridade nas noites no casco urbano, de feito, esta semana produciuse un novo altercado nun garaxe; polo que insta ao goberno municipal para que, na medida que a plantilla da policía local o permita, recupere as quendas de noite deste servizo en aras de evitar estes feitos delitivos e velar pola seguridade da nosa veciñanza.

Intervén a voceira do grupo de MOVETE, **Dña. Mar Blanco Casais**, para trasladar a queixa dos veciños de Avenida da Torre, porque o pasado 14 de febreiro presentaron un escrito sobre a mala situación na que se atopa unha parcela, a cal está sen limpar e que supón un risco de incendio ademais de que a maleza invade patios e terrazas das vivendas colindantes, pedindo que se tramite o correspondente expediente aos efectos de saber a quen lle corresponde a súa limpeza e instar á persoa propietaria para que a leva a cabo e, en caso contrario, que actúe o Concello de oficio.

En canto á ruta das eléctricas, informa que ao final delas xunto ao río Liñares, non hai unha ponte para cruzalo, polo que prega que se valore a colocación dunha



ponte e converter esta ruta en circular.

Informa da existencia dun vertedoiro ilegal de lixo en Santeles (di que despois pasará a súa ubicación exacta), polo que prega que sexa retirado.

Por último, en relación á noticia que saíu na prensa sobre a intención do Concello de mercar o solar de Chao co fin de convertelo nun aparcadoiro público, di que lle parece ben, pero pide que non se esqueza a mala situación na que se atopan os aparcadoiros públicos actuais, pregando que se proceda aos seus arranxos.

Finalmente, en relación a que no mes de marzo remata o prazo para solicitar as bonificacións no IBI agrario, .....

Interrompe o Concelleiro do grupo de MOVETE, **D. Iván Sanmartín Eirín**, para aclarar mellor o que estaba a dicir a Sra. Blanco Casais, así que informa que varios veciños lle trasladaron a queixa de que habendo solicitado esta bonificación, recibiron no nadal chamadas dun técnico municipal pedíndolles documentación complementaria, a cal foi presentada, sen embargo, a día de hoxe non teñen ningunha noticia ou comunicación ao respecto das súas solicitudes; polo que pregunta se eses expedientes están resoltos ou están pendentes de algo.

Para contestar a anterior pregunta, intervén o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, para informar que unha vez os expedientes sexan aprobados polo Pleno esa bonificación recoñecida tería carácter retroactivo, de todos os xeitos é coñecedor de que son tres os solicitantes e que estes son sabedores de que están pendentes de solventar pequenos detalles e que pronto se someterán a acordo plenario para a súa aprobación.

Inicia a súa quenda a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para preguntar se está fixada a data de inicio da obra da traída de auga de Tabeirós.

Responde o **Sr. Alcalde** que fai uns días tívose unha conversa con Augas de Galicia, crendo que a semana pasada asinouse o contrato coa empresa adxudicataria, así como coa dirección de obra e coa coordinación da seguridade e saúde; a empresa adxudicataria (Petrolán) xa ten a resolución e espera que ao longo deste mes de marzo se celebre unha reunión con este Concello co fin de planificar os traballos e así iniciar de inmediato as obras cunha previsión de remate do proxecto neste ano.

Continúa a **Sra. Camba Castro** para denunciar o mal estado no que se atopa o firme do aparcadoiro do Teatro, así como para pregar que se proceda a facer unha limpeza nel os domingos, porque neses días aparece cheo de cristais, botellas, latas, etc., supoñendo un risco de pinchado de rodas dos vehículos que acceden a este aparcadoiro.

Informa o **Sr. Alcalde** que o arranxo do firme do aparcadoiro do Teatro está dentro do proxecto de asfaltados urbanos presentado ao Plan Concellos deste ano, así como a mellora de acceso ao mesmo. En relación á súa limpeza, informa que hai un reforzo na limpeza viaria para os fins de semana, pero detectouse que esa zona é moi concorrida durante as noites do venres e dos sábados e que está a xerar algúns problemas, non só polo lixo que alí se acumula eses días, senón tamén pola inseguridade aos propietarios dos vehículos alí estacionados, polo que se está intentando reforzar a seguridade coa Policía Local e coa Garda Civil. Ante o anterior, di que se intentará reforzar non só a limpeza nesa zona, senón tamén a seguridade.

A **Sra. Camba Castro** di que fai unhas semanas un camión danou e derribou o cruceiro existente en Guimarei, no cruce que vai cara a Xerliz, informándolle que o Cruceiro o recuperara o Concello, polo que pregunta se isto é certo.



O **Sr. Alcalde** lle responde que os danos causados ao nomeado cruceiro foron moi graves, as pezas máis grandes foron recuperadas e contactouse cunha empresa para que elaborara un orzamento sobre o custo de arranxo dese elemento patrimonial, así mesmo informa que Patrimonio enviou un requirimento de información sobre como foi o sinistro, esperando que, unha vez feitos todos os trámites, se poida recuperar novamente este cruceiro.

Non habendo máis intervencións polos membros deste órgano, o **Sr. Alcalde** pregunta ao público presente na sesión se queren, en cumprimento do recollido no Regulamento de Participación Cidadá, formular algunha pregunta ou rogo.

Pide intervir **Dna. Balbina Martínez Ramallal** (DNI nº [REDACTED]), quen di que espera que o escrito non remate collendo “polilla”.

O **Sr. Alcalde** di que non sabe a que se refire.

A **Sra. Martínez Ramallal** contesta que é sobre a Avenida da Torre.

O **Sr. Alcalde** manifesta que non é coñecedor dese escrito, de feito enteouse do mesmo por medio da voceira do grupo de MOVETE. Informa que se tivo varias queixas da veciñanza desta avenida sobre as propiedades dos donos da Torre, a partires delas fíxose un requirimento aos mesmos e estes fixeron unha limpeza a fondo das súas propiedades. En canto ao escrito ao que se refire a interveniente, comunica que está a seguir o procedemento habitual, estando no prazo para resolver, e dentro deste procedemento, enviarase un requirimento aos propietarios outorgándolles un prazo para proceder á limpeza desa finca e, transcorrido o prazo outorgado e non cumprindo co requirido, entón se procederá a execución subsidiaria e coas previas multas coercitivas; e, no caso do carballo, estamos ante unha especie protexida e non é plantexable a súa tala, pero se lles indicará que efectúen unha poda, pero isto será estudado polo departamento do Rural. Reitera que todo ten un procedemento e os prazos hai que cumprilos.

Non habendo máis intervencións, procédese a levantar a sesión, sendo as vinte e unha horas corenta e nove minutos do día do seu comezo.

*Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.*

*De todo o anterior faise cumprimento.*

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

